



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DÍA 06/02/2024, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (Adv)

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (Adv)

MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG - PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

FERNANDEZ MARTINEZ, M^a Teresa

SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20.00 horas, do día 6/02/2024, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 1/2024.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024".



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

TERCEIRO. Que a presente convocatoria sexa comunicada a todos os concelleiros/as da Corporación, por medios telemáticos, xunto coas propostas e documentos que procedan.

CUARTO. Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre, en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 1/2024.

Intervén a Sra. Alcadesa manifestando que o Secretario distribuíu a providencia de Alcaldía, o expediente 2024/X999/21.

Non hai intervencións e procédese a continuación á votación deste punto.

Votos a favor: 3 de Alternativa dos Veciños
Abstencións (5 do PP, 2 do PSDG-PSOE, e 1 BNG)

Queda pois aprobada por 3 votos a favor de Alternativa dos Veciños e 8 abstencións dos restantes grupos políticos.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024”.

APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS SERVIZOS DE + 2024

Vistas as Bases reguladoras plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS+ 2024”, aprobadas polo Pleno Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2023 e publicadas no BOP nº227 de 28/11/2023,

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo,

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da “achega provincial 2023” e a “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	138.196,27 €
Achega provincial 2023 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	138.196,27 €

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
 15155 FISTERRA (A Coruña)
 Telf. 981 740 001
 Fax: 981 740 677

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO
-------------------------------	--------------------------------------

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Acheга municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora do firme na Rúa Federico Ávila (Leste)	48.452,72 €	0,00 €		0.0 €	48.452,72 €
Mellora do firme en Sardiñeiro	58.719,90 €	19.407.71 €		19.407.71 €	78.127,51 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	107.172,62 €	19.407.71 €		19.407.71 €	126.580,23 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Onde indica mellora do Firme en Sardiñeiro, nos proxectos vai tamén a mellora do firme de Padrís.

Onde indica o importe de **19.407,71 €**, hai un erro, realmente correspóndelle **19.407,61 €**.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)

	Deputación
Acheга provincial 2024 aplicada á redución da débeda	
Acheга provincial 2023 aplicada á redución da débeda	
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	

D Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	138.196,27 €				138.196,27 €
	Achega 2023 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024					
	Achega 2023	107.172,62 €	19.407.71 €		19.407.71 €	126.580,23 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2024					
	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2024					
	Achega 2023					
	TOTAL	245.368,89 €	19.407.71 €		19.407.71 €	264.776,50 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento contrata	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Pavimentación do Viario Vilar de Duio -Castro de Duio	82.748,91 €		82.748,91 €
Pavimentación do Viario O Bispo – Castro de Duio	65.665,26 €		65.665,26 €
EDAR Castro de Duio e Vilar de Duio	89.675,79 €		89.675,79 €
TOTAIS	238.089,96 €		238.089,96 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A Sra. Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

Intervén o sr. Luís Insua:

-“ Nós imos votar a favor polo compromiso adquirido no pasado mes de maio cos veciños e porque creemos que todas as obras son necesarias. Non obstante, creemos que hai que impulsar un plan de obras máis ambicioso tanto no núcleo urbano como na zona rural, xa que están en estado lamentable e non se pode esperar máis. Lamentamos a forma de actuar do Goberno actual. O día da investidura a Sra. Alcaldesa dixo que ía contar con todas as forzas e sen embargo hai que dicir que unha vez máis mentiu. Non tivo en conta a opinión da forza maioritaria en Fisterra, que é o Partido Popular nin sequera cunha antelación suficiente para examinar proxectos longos. Sabemos que non tedes experiencia pero iso non exime de un mínimo de responsabilidade que hai que ter para estar aí sentado e non facer chapuzas como o pasado xoves cando se trae aquí unha Moción de Urxencia co POS de Servizos Sociais. Dicir que este tipo de actuacións, esperemos, non se volvan a repetir”.

Sra. Alcaldesa:

-“Vou a contestar e agradézolle a súa intervención. O POS que se levou a cabo no pasado Pleno do 1 de febreiro. Non quixeron aceptar que non se fixera e que se fixera en Pleno extraordinario. Non o aceptaron, si pola contra o PSOE e o BNG dixeron que daba igual que había que traer os proxectos e hai que facerse idea do tempo que eso conleva para os técnicos que o prepararon e non había problema ningún por parte deles, sen embargo vostede manifestou que non nos tiña ningún favor que facer pero non era un favor para nós era para Fisterra. Ese Pleno que vén sen temas, sen asuntos, ese Pleno celebrouse porque vostede quixo”.

Sr. Luís Insua:

-“O que hai que ter é un pouco máis de previsión, o prazo do POS remataba o día 9”

Sra. Alcaldesa:

-“Previsión claro que a tivemos, entregamos os proxectos coa convocatoria”.

Sr. Luís Insua:

-“Hai que ser predictor, non sabían que existe un POS de Servizos Sociais porque senón teríano incluído na Comisión Informativa. Ten que traer as cousas como hai que traelas. Non teñen idea”

Sra. Alcaldesa:

-“Cada Pleno que se fai, vostede e todos os concelleiros cobran”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“Depositámoslos no Concello, non hai problema, só nos chama para pedirmos favores”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non llos estou pedindo”.

Sr. José Marcote:

-“Nós evidentemente imos votar a favor da proposta, basicamente por dúas razóns: Non imos devolverlle os cartos á Deputación que boa falta nos fan a Fisterra. Os proxectos son os que son, dá a casualidade que veñen do Goberno anterior. Entón, nós incluso sería contraditorio votar en contra do que nós mesmos planificamos,

Sra. Teresa Fernández:

-“O BNG vai votar a favor, son proxectos do anterior goberno e sería unha incongruencia que votasemos en contra. Algún dos proxectos poderíase mellorar no sentido de que hai falta de auga nas aldeas, que non teñen conexión de auga nin saneamento en zonas rurais, é necesario cubrir esta demanda”.

Ao non haber máis intervencións procédese á votación quedando aprobada por unanimidade dos asistentes (11 votos a favor)

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 20.13 horas, do que, como secretario , dou fe.